





A VOLTA AO CABO DA CRUZ

Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2018



Distancia: 18 km (circular)
Dificultade: baixa

Un percorrido longo, de valor natural e etnográfico, seguindo a liña da costa por rochedos e areais para coñecer un lugar moi nomeado da banda norte da ría de Arousa, no concello de Boiro, unha zona na que a costa ten numerosos cambios de dirección e o conxunto recorda vagamente a forma dunha cruz. Para levalo adiante fan falta horas e, como é habitual en áreas habitadas, que estea a marea baixa para poder salvar os obstáculos que representan peches e valados de particulares e industrias asentados, ou en recheos, máis alá da liña de marea.



Vista da península do Cabo da Cruz desde a Curotiña



Vista das Praias Barraña e da serra da Barbanza desde o peirao da Telleira, no comezo da ruta.

PERCORRIDO

Comezamos no **peirao da Telleira** camiñando cara ao sur pola **praia de Rebordelo**, logo un pouco ao oeste pola do **Careixo** e chegamos ao **Esteiro** un fermoso recanto co seu **Conle Ghrande** e de novo ao sur pola súa praia antes de acadar a **punta Fuciños** detrás da que atopamos o peirao novo e a dársena do **Cabo da Cruz** dentro da que se atopa o antigo, pequeno e recollido porto; seguimos ata a **punta do Cabo**, ocupada pola depuradora, e de aquí collemos cara ao leste para pasar pola **praia da Ribeira Grande**, a **punta de Piñeirón**, a **praia de Piñeirón**, a **punta do Curro** e a **praia de Carragueiros** -con lagoas na trasduna, os illotes dos **Vaos** no remate e a **illa Bensa** por diante-; a **praia da Retorta**, na que destaca, como curiosidade, o parque de acuicultura instalado na trasduna; e entramos noutra zona rochosa con varias puntas e pequenas praias na que sobresaie a **punta do Chazo**. Aquí a costa cambia de dirección e camiñamos cara ao norte pola **praia da Ladeira**, despois dela temos un tramo incómodo por rochas, a **costa da Bouza** que remata, virando ao leste, no areal e banco marisqueiro de **Triñáns** e a **praia de Mañóns**, entre os **illotes do Xarrido** e **O Ostral**. Na punta da **Pedra Rubia** ou de **Mexiluido** volvemos ir cara ao norte ata a **punta e praia de Portomouro** na que viramos cara ao oeste para percorrer a **praia de Arealonga**, pasar a **punta do Capitán** e a **praia de Suigrex**. No remate desta praia, na **punta da Palma** hai un carreiro que nos leva á **igreja de Abanqueiro** con restos románicos en paredes e canzorros. Voltando á beira do mar quedáanos por percorrer a **praia de Supicho** para chegar ao **peirao da Agañán** desde onde, por unha combinación de camiños e estradas, case en liña recta, estamos a pouco máis de 1,5 km do punto de partida.



Praia de Rebordelo



Punta do Esteiro



Praia Grande de Esteiro



Punta da Granxa. Praia de Tras das Eiras




Punta de Monte Deiro e praia de Fuciños



Punta Fuciños



Praia Fontenla



Cabo da Cruz. Porto antigo.



Cabo da Cruz

Praia da Ribeira Grande

Punta do Cabo





Praia da Ribeira Grande



Punta e praia Piñeirón



Praia Piñeirón



Praia e lagoas de Carrageiros



Punta e praia da Retorta



Illa Bensa



Praia Piquita



Illa Bensa. Illotes dos Vaos



Punta do Chazo



Praia do Chazo



Punta da Casilla



Praia de Ladeira



Punta Ancados



Costa da Bouza




Illote Xarrido



Praia de Mañóns



Praia de Mañóns na seca, coa illa Ostral ao fondo



Illa Ostral



Punta Pedrarrubia ou Mixeluído



Praia de Fontenla



Punta e praia Portomouro



Praia de Arealonga



Punta do Capitán



Praia Suigreja.



Praia Supicho



Peirao de Agañán



Lagoa de Abanqueiro no inverno